

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGALICIA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, MELLORA DA COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra, don Eladio Fernández Pérez, en nome e representación da Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGALICIA), con CIF nº G36620037, en virtude da súa condición de Presidente segundo o acordado na Asamblea xeral e Xunta directiva do 16 de xuño do 2021.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- De conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, O Servizo Galego de Saúde ten as funcións de exercer o goberno, a dirección e a xestión de centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos. Dentro da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é o órgano responsable de impulsar os programas e actuacións sanitarias e sociosanitarias.

Segundo.- FADEMGALICIA ten por obxecto a promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, carecendo de ánimo de lucro.

Así mesmo e, de acordo co recollido nos seus estatutos, a federación dirixirá a súa actuación á consecución, entre outros, dos seguintes fins:

- Representar aos seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e recadando a colaboración das universidades galegas.
- Realizar campañas de divulgación e sensibilización ante a sociedade.
- Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Terceiro.- Que un dos catro eixos estratéxicos da Estratexia SERGAS 2020 é a atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e cuidadores: Entre as principais liñas que o desenvolven atópanse:

- Mellorar a "*consideración*" e "*accesibilidade*" na prestación dos servizos.
- Orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes.

Cuarto.- O proxecto atópase aliñado cos obxectivos do plan galego de atención primaria 2019-2021, que en concreto na liña estratéxica 7 (plan de necesidades e priorización das mesmas) , ten o de "*Adecuar os espazos ás necesidades dos profesionais e os pacientes*" e do Plan de Saúde Mental posCOVID19 período 2020-2024 na liña estratéxica "*A recuperación como meta*" de mellora nas accións en materia de saúde mental das persoas con especiais necesidades de apoio.

Por todo isto, sendo concorrente o interese das dúas partes, resulta conveniente a colaboración entre ambas, polo que acordan formalizar o presente convenio de colaboración sobre a base das seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e fin do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e FADEMGA Plena inclusión Galicia, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade a sensibilización dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, a mellora da comunicación coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, no ámbito do sistema sanitario público galego e a realización de actividades de formación en saúde mental e discapacidade a profesionais do ámbito da sanidade.

Segunda.- Actuacións a desenvolver

- Programa Aténdeme-Enténdeme: Visitas programadas aos centros de saúde e/ou hospitais dunha selección de persoas con discapacidade intelectual acompañadas dun familiar e un profesional da entidade de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia da que son usuarios. Durante estas visitas transmitirán aos membros dos equipos dos centros de saúde e/ou hospitais as súas necesidades e características propias así como algunhas ferramentas para mellorar as habilidades dos profesionais na comunicación coas persoas con discapacidade intelectual.
- Accións de análise e avaliación da accesibilidade cognitiva en centros de saúde e/ou hospitais para detección de barreiras e a proposta para a súa eliminación. Enténdese por accesibilidade cognitiva a propiedade que teñen contornas, procesos, bens, produtos, obxectos, servizos, instrumentos, ferramentas e dispositivos que resulten de fácil comprensión. Cando a accesibilidade cognitiva se refire a documentos ou textos escritos, empregase o termo lectura fácil.
- Desenvolvemento de actividades de formación en saúde mental e discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento a profesionais do ámbito da sanidade.
- Desenvolvemento do proxecto "*Con bos apoios*": Posibilitar accións e estratexias de coordinación e colaboración socio-sanitarias, desde un enfoque preventivo, personalizado e comunitario, para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento con alteracións graves de conduta e/ou alteracións da saúde mental e das súas familias, nas diferentes zoas sanitarias.
- Outras actividades que se deseñen coa finalidade deste convenio.

Terceira.- Obrigas das partes

A colaboración do Servizo Galego de Saúde no bo fin das actuacións comprenderá:

- A posta a disposición das instalacións e os medios axeitados para o desenvolvemento das actividades do programa Aténdeme Enténdeme, para a análise e avaliación da accesibilidade cognitiva ou de outras actividades coa mesma finalidade.
- Informar aos responsables dos centros de saúde e/ou hospitais para facilitar a súa colaboración no proxecto Aténdeme-Enténdeme e as accións de análise e avaliación da accesibilidade cognitiva.
- Favorecer a creación de espazos de diálogo e sesións conxuntas entre profesionais dos equipos de saúde mental e profesionais dos recursos sociosanitarios, co fin de compartir información e coñecemento e poñer en marcha protocolos de atención conxunta.

As obrigas de FADEMGGA Plena inclusión Galicia serán:

- A formación das persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, dos familiares e dos profesionais que van realizar as visitas aos centros de saúde e/ou

hospitais para as actividades do programa Aténdeme-Enténdeme e para a análise e avaliación da accesibilidade cognitiva.

- Trasladar ó Servizo Galego de Saúde información sobre as visitas ós centros de saúde e/ou hospitais para as actividades do programa Aténdeme-Enténdeme e informes sobre as barreiras detectadas e as posibles opcións de mellora.
- Realizar un proceso de acompañamento ós equipos multidisciplinares do proxecto "*Con bos apoios*" para implementar accións de coordinación e colaboración socio-sanitaria e transferir e xeneralizar o aprendizaxe a outras áreas sanitarias.
- A realización doutras actividades que se deseñen coa finalidade deste convenio.

Cuarta.- Comisión de seguimento

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha Comisión de seguimento do presente convenio formada por:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, ou pola persoa en quen delegue, a cal ostentará voto de calidade en caso de empate.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Atención Primaria, ou pola persoa en quen delegue.
- Dúas persoas en representación de FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

A comisión asumirá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- c) Propoñer ás partes, a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

O incumprimento por calquera das partes, das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral e obrigas do profesional

A subscrición deste convenio non suporá a existencia de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da entidade FADEMGA Plena Inclusión Galicia que preste servizos no desenvolvemento deste convenio e o Servizo Galego de Saúde, de xeito que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos que acontezan no desenvolvemento do seu labor.

Sexta.- Protección de datos de carácter persoal e dereitos de imaxe

a) No caso de que o desenvolvemento deste convenio esixa realizar actuacións que impliquen tratamento de datos de carácter persoal, o seu manexo queda suxeito ao cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

b) Para estes efectos, lémbrese que as partes:

- Utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas, nin sequera para a súa conservación.
- Están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Sétima.- Financiamento

Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

Oitava.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte ó da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

De conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en calquera momento antes da súa finalización, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Novena.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpre un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento-do convenio.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro , de procedemento administrativo común das Administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro , de réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Con todo, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo primeira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asíñase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

**O presidente do Servizo Galego de Saúde
Galicia**

O presidente de FADEMGGA Plena Inclusión

Julio García Comesaña

Eladio Fernández Pérez